

# Bacharelato <sup>2º</sup>



BAÍA EDICIÓN

# **GALICIA**

## **CC.SS. Xeografía e Historia**

### **Programación didáctica**



## **■ Índice**

- 1. A materia de Xeografía e Historia de Galicia no marco legal**
- 2. Os bloques de contidos do DCB**
- 3. Proposta curricular. A programación didáctica**

# 1. A MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA DE GALICIA NO MARCO LEGAL

A materia de Xeografía e Historia de Galicia é unha materia optativa de segundo curso de Bacharelato, establecida pola Comunidade Autónoma, específica das modalidades de Humanidades e Ciencias Sociais. Xa que logo, participa das características das materias desta categoría en canto á horario lectivo e avaliación. Neste sentido, lembrar que o alumnado que a elixa debe aprobala, pero non se pode examinar dela nas Probas de Acceso á Universidade.

## 2. OS BLOQUES DE CONTIDOS DO DCB

O DCB organiza os contidos desta materia en seis bloques coa seguinte estrutura e organización:

### **Bloque 1: Homoxeneidade e heteroxeneidade no medio físico galego**

A realidade xeográfica de Galicia é moi diversa. Esta diversidade interna pode analizarse a través de diferentes factores: o relevo, os dominios climáticos, as augas e a vexetación, e a composición dos solos. Estes factores, á súa vez, están influídos polo home. En razón desta interrelación pódese falar dunha gran variedade na paisaxe galega ou de distintas formas de abordar a realidade xeográfica de Galicia.

#### **Contidos conceptuais**

- As diferentes variables que interaccionan no medio físico.
- As unidades xeomorfolóxicas.
- Os contrastes climáticos e a súa influencia na configuración do medio.
- As augas e o seu papel no territorio.
- Os solos e as formacións vexetais.
- Os axentes erosivos.

#### **Contidos procedementais**

- Interpretación de mapas de distinto tipo que permitan analizar a diversidade paisaxística galega.
- Elaboración de información cartográfica, gráfica e estatística sobre a realidade física galega.
- Interpretación de imaxes que reflectan medios xeográficos diferenciados.
- Resolución de problemas sobre as diferentes variables que interaccionan no territorio, a partir de distintas fontes documentais.
- Análise e interpretación de problemas de degradación espacial: contaminación das augas, do aire, dos espazos litorais, etc.

#### **Contidos actitudinais**

- Valoración dos bens naturais que deben ser respectados, tanto polo propio valor natural como polo seu uso social.
- Valoración das dificultades que entraña a vida en diferentes medios (montañas, costa, etc.).

## **Bloque 2: A evolución socioeconómica**

Neste bloque débese estudar como vai evolucionando a apropiación do medio físico por parte da poboación, e o modo de organizarse socialmente para a produción e distribución dos bens resultantes. Os tipos de sociedade e economía que se suceden dependen, en gran medida, dos que son predominantes en cada época no contorno europeo, ao que sempre pertenceu Galicia, pero aquí danse sempre unhas variantes específicas desas formas xerais e son precisamente estas peculiaridades as que interesan resaltar.

### **Contidos conceptuais**

- Aspectos económicos e sociais da Galicia castrexa, romana e altomedieval.
- O binomio réxime señorial e sociedade feudal. Formas particulares de cesión da terra e das relacións vasaláticas.
- A incidencia das peregrinacións nas colonizacións monásticas.
- A sociedade urbana e os conflitos entre burgueses e señores.
- Cambio e continuidade na sociedade e na economía do Antigo Réxime.
- As transformacións na época contemporánea: pervivencia e disolución do sistema foral. Desindustrialización e emigración. O lento camiño da modernización en Galicia.

### **Contidos procedementais**

- Construcción de gráficas e mapas para ordenar e secuenciar feitos históricos.
- Identificación e clasificación dos factores casuais que explican procesos de cambio.
- Análise de táboas, gráficos, etc. para observar que, con frecuencia, os cambios socioeconómicos non se producen ao mesmo tempo que os políticos ou os ideolóxicos.
- Establecemento de relacións entre a industrialización e a evolución demográfica e social, os movementos migratorios, os medios de transporte, as repercusións no ámbito familiar, os cambios na alimentación, a hixiene, a organización do espazo urbano...
- Identificación e análise dos factores causantes dos desequilibrios territoriais no desenvolvemento económico do territorio español.

### **Contidos actitudinais**

- Valoración de épocas e culturas distintas á actual como elementos enriquecedores da existencia colectiva da nosa sociedade.
- Toma de conciencia da necesidade dunha formación histórica para adoptar unha posición social crítica propia.
- Interese por coñecer as raíces da comunidade histórica galega e compromiso na defensa do seu patrimonio.
- Sensibilidade ante os problemas sociais derivados das situacións de desigualdade.

### **Bloque 3: A etnicidade galega**

Resulta indubidable que o pobo galego presenta ao longo de, polo menos os últimos dez séculos, un conxunto de caracteres específicos que constitúen o que os actuais sociólogos, antropólogos e historiadores denominan etnicidade: cultura material da sociedade rural, institucións consuetudinarias, modos de organización social das pequenas comunidades, sistema de valores, tipo de relixiosidade, arte popular, folclore e lingua. A existencia dunha etnicidade diferenciada é sempre un factor que inflúe na evolución histórica dun pobo. Por iso a súa análise e descrición non poden estar ausentes dunha materia como esta.

#### **Contidos conceptuais**

- A cultura material da sociedade rural tradicional.
- A organización social na parroquia e nos lugares galegos.
- A lingua galega. Nacemento e esplendor medieval. A súa desaparición das cidades na Idade Moderna. O rexurdimento nos séculos XIX e XX.
- A cultura espiritual galega: a vida e a morte na conciencia do pobo.

#### **Contidos procedementais**

- Utilización de diversas fontes orais e escritas que permitan identificar a evolución no tempo de aspectos relacionados coa vida cotiá (cambios tecnolóxicos, confort doméstico, pautas culturais).
- Realización de pequenos traballos sobre as tradicións máis relevantes da zona próxima.
- Confección de mapas nos que se reflectan as formas de ocupación do territorio.
- Análise e utilización crítica de fontes e material historiográfico diverso.

#### **Contidos actitudinais**

- Preocupación polo rigor na busca e na interpretación da información histórica.
- Respecto aos pobos para exercer a súa cultura. sen prexuízo dos dereitos e liberdades dos demais.
- Valoración da pervivencia de tradicións culturais como elementos enriquecedores da existencia colectiva do pobo galego.

### **Bloque 4: A articulación política e institucional de Galicia no proceso de constitución do Estado español**

A pesar de que no terreo cultural e socioeconómico Galicia tivo unha personalidade propia, esta non se manifestou no ámbito político institucional. Salvo episodio moi efémeros, non contou cun grao de autogoberno nin cunhas estruturas administrativas e representativas como as que tiveron, en cambio, outras nacionalidades históricas (Cataluña, País Vasco). Sen embargo, esa falta de concordancia, sen chegar a producir tensións políticas de importancia ata épocas moi recentes, non deixou de producir algunhas manifestacións (peculiaridades da II Guerra Irmandiña, a existencia da Xunta do Reino, o problema do voto en Cortes, etc.) que incrementan lentamente a súa importancia a medida que avanza a Idade Contemporánea e que constitúen aspectos de interese da Historia de Galicia.

#### **Contidos conceptuais**

- Igrexa e nobreza galegas na monarquía ástur-leonesa.
- Repercusións da afirmación gradual da autoridade dos monarcas casteláns: conflitos internobiliares, correxedores, xustizas e irmandades.

- Os conflitos sociopolíticos internos: a II Guerra Irmandiña.
- As institucións do Antigo Réxime en Galicia. Un caso particular: a Xunta do Reino.
- As peculiaridades do lento proceso de democratización política: conservadorismo ideolóxico, clientelismo político e nacemento do galeguismo.
- Galicia e a Constitución de 1931. O Estatuto de Autonomía.

### **Contidos procedementais**

- Establecemento de semellanzas e diferencias entre os distintos sistemas políticos.
- Confección de mapas conceptuais e organigramas de institucións galegas, nos que se reflectan as relacións coas institucións centrais.
- Comentario crítico de textos históricos e historiográficos que falen do funcionamento, nalgún momento determinado, dalgunhas institucións de Galicia.

### **Contidos actitudinais**

- Interese por coñecer as ideoloxías que subxacen nos distintos réximes políticos.
- Valoración crítica dos diversos modelos de organización do poder político.
- Respecto aos pobos, nacións e Estados para exercer a súa soberanía e desenvolver a súa cultura, sen prexuízo dos dereitos e liberdades dos demais.

## **Bloque 5: Arte e cultura na historia de Galicia**

Evidentemente, as grandes manifestacións artísticas que a sociedade galega foi deixando ao longo da historia son moi dependentes dos movementos que se dan en Europa. Non obstante, iso non impide que aquí se dean esas manifestacións con caracteres propios, debido a esa etnicidade do pobo galego.

### **Contidos conceptuais**

- O legado da Galicia prerromana e romana.
- O esplendor da Idade Media. A arte do Camiño.
- Renacemento e Barroco.
- Do Neoclasicismo á arte contemporánea.
- Os movementos vangardistas.

### **Contidos procedementais**

- Localización cronolóxica dalgunha obra de arte representativa dun momento histórico, identificando os seus trazos máis destacados que permitan a súa clasificación dentro dun estilo determinado.
- Análise comparativa entre obras de arte, que mostren a variabilidade e complexidade das súas relacións co contexto histórico dunha fase ou estilo.
- Diferenciación, clasificación e comparación de correntes tradicionais e innovadoras, establecendo as permanencias e os cambios presentes.
- Contraste coa información extraída de textos coa observación directa da obra de arte.

## **Contidos actitudinais**

- Valoración da influencia dos factores históricos nas obras de arte.
- Sensibilización pola conservación e respecto do patrimonio artístico e cultural de Galicia.
- Preocupación diante dos problemas que lle afectan ao patrimonio artístico-cultural galego.
- Interese polo coñecemento da manifestacións artísticas contemporáneas da arte galega.

## **Bloque 6: A Galicia actual**

Unha vez analizada a evolución histórica máis importante da vida dun pobo, convén facer unha síntese da situación actual no período máis recente, de maneira que se poidan percibir as interrelacións entre o económico, o político, o social e o cultural nunha perspectiva interdisciplinar.

## **Contidos conceptuais**

- A estrutura económica: os sectores productivos e a súa importancia relativa. As relacións económicas de Galicia co seu contorno. Economía e medio ambiente. Problemas e retos da integración en Europa.
- A sociedade galega: a evolución demográfica recente e a súa distribución territorial. A estrutura social.
- Tradición e modernidade. A transformación da cultura tradicional rural. Novos valores e modos de vida na cidade e no campo.
- A Galicia autonómica: as súas institucións. Partidos e sindicatos. A dinámica sociopolítica.

## **Contidos procedementais**

- Realización e exposición dun traballo monográfico sobre algún problema actual coa axuda de diferentes fontes, tomando en consideración os antecedentes históricos do tema.
- Análise crítica de problemas sociais do noso tempo: violencia social, consumismo, degradación medioambiental, discriminacións, paro.
- Realización dun organigrama sobre as funcións dalgunha institución autonómica.

## **Contidos actitudinais**

- Sensibilidade ante os problemas sociais derivados das situacións de desigualdade.
- Actitude crítica ante as necesidades de consumo que suscita a sociedade actual.
- Toma de conciencia de que a explotación desordenada dos recursos naturais e a degradación do medio ambiente non só son prexudiciais para nós, senón tamén para a sociedade do futuro.

# **3. PROPOSTA CURRICULAR. A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

Esta materia é cursada por un alumnado que tamén estudia a común de Historia e na que no seu DCB se contemplan numerosos contidos referidos a Galicia, polo que algúns contidos comúns permiten ao alumnado consolidar e reforzar os seus coñecementos.



### 3.1. Obxectivos xerais

De acordo co DCB establecido pola Xunta de Galicia, o desenvolvemento da materia de Historia e Xeografía de Galicia debe contribuír a que o alumnado acade as seguintes capacidades:

- Recoñecer a existencia de aspectos específicos que definen a Galicia como nacionalidade histórica e que se refiren ao medio natural e ao xeito de ser este dominado polo home, a peculiaridade da súa evolución histórica e ao peso da formación común dunha tradición cultural.
- Analizar os mecanismos que rexen o funcionamento do medio físico, valorar as repercusións que sobre el teñen as actividades humanas e contribuír activamente á súa defensa, conservación e mellora como elementos determinantes da calidade de vida.
- Explicar a evolución histórica de Galicia que, aínda nos aspectos específicos, está relacionada coa historia española e europea.
- Analizar as características da cultura galega actual nos seus trazos máis sinalados: o peso da tradición, a capacidade de supervivencia e a necesidade de acadar unha dimensión universalista.
- Distinguir e analizar os elementos básicos manexados na explicación da sociedade galega, nas súas manifestacións tanto temporais como espaciais, e saber apreciar e relacionar a importancia e a xerarquía dos diversos factores que inflúen nela.
- Identificar os procesos e mecanismos básicos que rexen o funcionamento dos feitos sociais no contexto galego, tendo en conta os factores externos e internos que o condicionan, para comprender a situación actual de Galicia desde unha posición persoal razoada.
- Valorar a pertenza a unha comunidade nacional (Galicia), a un Estado histórico (España) e a unha cultura universal, desde posicións solidarias e respectuosas con outras comunidades, Estados e culturas.
- Comprender que o patrimonio natural, cultural, histórico e artístico galego é diferente ao doutras comunidades e autonomías que compoñen o Estado español, participando activamente na súa defensa e valorando a diversidade como dereito dos pobos e individuos á súa identidade.

### 3.2. Os contidos

Na presente proposta óptase por unha presentación dos contidos en tres grandes conxuntos, en lugar de diferenciar, para cada bloque de contidos conceptuais, os correspondentes a procedementos e actitudes, con obxecto de non ter que repetir estes que, en moitas ocasións, son comúns a varios bloques temáticos.

#### Feitos e conceptos

##### **BLOQUE 1: O MEDIO FÍSICO**

- O relevo
  - ▶ Os materiais
  - ▶ A acción da tectónica
  - ▶ As unidades morfolóxicas
    - O litoral
    - O interior



- O clima
  - ▶ Elementos e factores
  - ▶ Centros de acción e tipo de tempos
  - ▶ As variantes climáticas
- A hidrografía
  - ▶ A rede fluvial
  - ▶ As cuncas
  - ▶ As lagoas
- Os solos
  - ▶ Os factores de formación
  - ▶ Os principais tipos
  - ▶ Utilización e conservación
- A vexetación natural
  - ▶ Principais tipos
- Problemas do medio físico

## **BLOQUE 2: ALGÚNS ASPECTOS DE ETNOGRAFÍA DE GALICIA**

- A morte
- A casa
- Unha manufactura tradicional: os tecidos de liño
- Suxestións para a investigación

## **BLOQUE 3: DAS ORIXES MÍTICAS ÁS INVASIÓNS BÁRBARAS**

- A Historia e os historiadores. Os míticos poboadores de Galicia
- As culturas prehistóricas
  - ▶ Os primeiros poboadores
  - ▶ A aparición da agricultura
  - ▶ Os constructores de megalitos
  - ▶ A Idade do Bronce
  - ▶ A cultura castrexa
- Conquista e romanización
  - ▶ A conquista
  - ▶ Gallaecia, provincia romana
  - ▶ A ocupación do territorio. Continuidade e cambios no poboamento
  - ▶ A explotación económica do territorio
  - ▶ As transformacións sociais
  - ▶ Manifestacións artísticas e crenzas relixiosas
  - ▶ A introducción do Cristianismo
- O reino suevo e o dominio visigodo

## **BLOQUE 4: A GALICIA FEUDAL**

- Os inicios do feudalismo (séculos VIII-IX)
  - ▶ As novas formas de ocupación do territorio
  - ▶ A organización feudal: o réxime señorial
  - ▶ Incorporación de Galicia na monarquía astur-leonesa
  - ▶ Os inicios do culto a Santiago
  - ▶ A arte prerrománica
- A consolidación da sociedade feudal (séculos XII-XIII)
  - ▶ Crecemento demográfico e económico
  - ▶ O renacer das cidades
  - ▶ A articulación da sociedade feudal
  - ▶ Evolución política
  - ▶ Arte e cultura románicas
  - ▶ A fin dos tempos medievais
- As dificultades do século XIV
  - ▶ O século XV, anuncio de novos tempos
  - ▶ Arte e cultura góticas

## **BLOQUE 5: A GALICIA DO ANTIGO RÉXIME**

- Goberno e administración
- O tránsito da Idade Media ao Antigo Réxime (1480-1520)
  - ▶ O control político
  - ▶ O sometemento da nobreza
  - ▶ A reforma do clero
- As institucións de goberno
  - ▶ A Real Audiencia
  - ▶ A Xunta do Reino
  - ▶ Correxedores e Intendentes
  - ▶ Organización do territorio
- Evolución dos acontecementos políticos
  - ▶ O problema corsario
  - ▶ Ingleses nas costas galegas
  - ▶ Galicia e a guerra de liberación portuguesa
- A poboación
  - ▶ Un crecemento sostido pero desigualmente repartido
  - ▶ Os problemas demográficos
- A economía
  - ▶ As actividades agropecuarias
    - Os cultivos tradicionais. Papel do viñado

- Os novos cultivos
- Explotación do gando e do monte
- ▶ A pesca
- ▶ O desenvolvemento artesanal e industrial
  - Actividades do mundo rural
  - Outras actividades industriais
- ▶ Os intercambios comerciais
  - O comercio interior
  - O comercio exterior. Os intercambios coloniais
- A sociedade
  - ▶ Os grupos privilexiados
  - ▶ Os campesiños
  - ▶ A consolidación da fidalguía
  - ▶ A conflictividade social
- Ensino e cultura
  - ▶ Os estudos de primeiras letras
  - ▶ Os estudos superiores
  - ▶ A Ilustración
    - Os ilustrados galegos
    - Institucións ilustradas
- As manifestacións artísticas
  - ▶ A arte renacentista
  - ▶ A arte barroca
  - ▶ A arte neoclásica

## **BLOQUE 6: A GALICIA CONTEMPORÁNEA (I). Da Guerra de Independencia á Guerra Civil**

- A crise do Antigo Réxime (1808-1833)
  - ▶ A guerra contra o francés
  - ▶ O problema dos afrancesados
  - ▶ Absolutistas e liberais
  - ▶ Galicia e as Cortes de Cádiz
  - ▶ A reacción absolutista
  - ▶ A reacción liberal
- Estado liberal e desenvolvemento capitalista (1833-1936)
  - ▶ A nova organización administrativa
  - ▶ Evolución dos acontecementos políticos
    - Carlistas, liberais e republicanos (1833-1874)
    - O sistema da Restauración. O caciquismo (1874-1923)
    - A ditadura de Primo de Rivera (1923-1930)
    - A II República (1931-1936)

- ▶ A economía
  - Agricultura
  - Industria
  - Transportes e comunicacións
- ▶ A sociedade
  - Os grupos tradicionais
  - Os novos grupos
  - O movemento obreiro
- ▶ A poboación
  - Efectivos e evolución
  - A emigración
- ▶ As manifestacións artísticas

## **BLOQUE 7: A GALICIA CONTEMPORÁNEA (II). Do provincialismo á autonomía**

- O galeguismo: nacemento e desenvolvemento do nacionalismo galego
  - ▶ As orixes
  - ▶ Evolucións dos acontecementos
    - Provincialismo
    - Rexionalismo
    - Nacionalismo
      - Das Irmandades da Fala á Dictadura
      - A Dictadura de Primo de Rivera
      - A II República
      - O franquismo
      - A actualidade
- Galicia no franquismo (1936-1975)
  - ▶ O Alzamento de 1936 e a Guerra Civil
  - ▶ Represión e resistencia
    - A represión
    - A resistencia
      - A primeira resposta: os *fluxidos* e as milicias
      - As guerrillas
  - ▶ Os apoios ao franquismo
  - ▶ A oposición ao franquismo
    - A resistencia política no exterior
    - A resistencia política no interior
    - A resistencia do mundo obreiro
    - A resistencia do mundo universitario
    - A Igrexa antifranquista
  - ▶ A economía
    - Unha longa posguerra
    - Desenvolvemento e crise
  - ▶ Educación e cultura

- A Galicia autonómica (1975-1995)
  - ▶ A preautonomía
  - ▶ A autonomía
- As manifestacións artísticas

## **Procedementos**

- Lectura comprensiva de documentos históricos, xeográficos, artísticos, etnográficos (textos, gráficas, mapas, imaxes...) para poder realizar comentarios e análises.
- Localización de puntos xeográficos significativos sobre mapas.
- Localización sobre mapas das principais unidades de relevo galego, cursos de auga e tipos de solos
- Elaboración e interpretación de climogramas.
- Identificación dos factores que explican a irregular distribución da poboación.
- Localización de materias primas, fontes de enerxía e áreas industriais sobre mapas significativos.
- Análise de mapas de redes e planos urbanos.
- Obtención de información a partir de mapas temáticos.
- Planificación e realización de estudos e investigacións partindo de fontes variadas de información
- Realización de traballos de síntese.
- Comentario de obras de arte e a súa relación coas sociedades que as crearon.
- Análise crítica de problemas políticos, sociais, económicos e culturais do pasado e da actualidade de Galicia.
- Ordenación cronolóxica de feitos e procesos significativos.
- Realización de sínteses, esquemas, organigramas e mapas conceptuais.
- Realización e exposición de traballos sobre algún problema xeográfico ou histórico de Galicia do mundo actual, tomando en consideración os seus antecedentes históricos e analizando con rigor as fontes empregadas.
- Participación en debates.

## **Actitudes e valores**

- Conciencia da necesidade dunha preparación histórica para adoptar unha posición social crítica propia.

- Interese por coñecer as bases dos diferentes sistemas políticos, sociais e económicos que tiveron lugar en Galicia.
- Interese polo rigor e obxectividade na busca e na interpretación da información histórica.
- Sensibilidade ante os problemas sociais derivados de situacións de desigualdade.
- Valoración crítica do papel do cambio tecnolóxico no proceso histórico.
- Conciencia de que a explotación desordenada dos recursos naturais e a degradación do medio ambiente prexudica á humanidade.
- Interese por coñecer os problemas do contorno, mostrando solidariedade crítica cos proxectos que buscan de solucionarlos.
- Actitude crítica ante a loita polo control de recursos, de espazos e de sociedades.
- Valoración das culturas diferentes á propia.
- Respecto e tolerancia polas formas de vida en medios diferentes ao propio.
- Curiosidade por coñecer as raíces históricas da actual Comunidade Autónoma galega.
- Valoración dos restos do pasado e disposición favorable a actuar de maneira positiva á súa conservación.

### 3.3. Vinculación dos Bloques do DCB cos da proposta curricular

Bloques de contidos do DCB	Proposta curricular
Bloque 1	Bloque 1
Bloque 3,6	Bloque 2
Bloque 1,5	Bloque 3
Bloque 1,4,5	Bloque 4
Bloque 1,4,5	Bloque 5
Bloque 1	Bloque 6
Bloque 1,4,5,6	Bloque 7

### 3.4. Secuenciación dos contidos

Tanto no deseño oficial como na proposta concreta que se presenta, a maior porcentaxe de contidos son de carácter histórico, polo que a este tipo de coñecementos se dedicará a maior parte do horario lectivo.

Unidades didácticas	Nº de sesións
Bloque 1	18
Bloque 2	14
Bloque 3	14
Bloque 4	16
Bloque 5	18
Bloque 6	20
Bloque 7	20

### 3.5. Metodoloxía didáctica

A necesidade de abordar nesta materia contidos de carácter xeográfico, artístico, etnográfico e histórico obriga a aproximarse a eles cos métodos específicos de cada unha das disciplinas científicas que proporcionan contidos a este Deseño Curricular á hora de abordar os tres grandes bloques de contidos nos que se organiza o currículo.

Sen embargo, podemos establecer uns **criterios e obxectivos metodolóxicos** comúns que resulten válidos para traballar na aula eses múltiples e variados contidos:

- Favorecer unha aprendizaxe significativa que estableza relacións coas aprendizaxes anteriores adquiridas polo alumnado ou que está a adquirir neste curso (caso das Materias de Historia, Xeografía ou Historia da Arte).
- Promover a autonomía do alumnado para identificar, analizar e resolver cuestións nas que incorporen coñecementos e procedementos xa adquiridos e os amplíen con outros novos.
- Potenciar a significatividade dos contidos a traballar en razón da súa proximidade espacial, cultural e histórica.

Así mesmo, pódense favorecer unha serie de **estratexias e actividades de aprendizaxe** que favorezan a metodoloxía activa e participativa centradas arredor de tres ámbitos básicos:

- A exposición oral e escrita de coñecementos xa elaborados que o alumnado debe asimilar. A exposición inicial por parte do profesorado facilita, normalmente, unha mellor e máis axeitada asimilación por parte dos alumnos e alumnas.
- A indagación facilita especialmente a adquisición de contidos procedementais, por canto sitúan ao alumnado fronte a problemas concretos e obríganos a reflexionar e a tomar decisións. Os debates, as dramatizacións ou os xogos de simulación favorecen este tipo de estratexias.
- A investigación e busca de información variada para dar resposta a determinadas cuestións, presentado en forma de traballos individuais ou colectivos. O alumnado potenciará a súa autonomía, unha vez que conte coa información básica proporcionada polo profesorado sobre o tema a investigar.



Polo tanto, a **metodoloxía didáctica** proposta combina a construción do coñecemento sobre os diferentes aspectos da xeografía, cultura e historia de Galicia por parte do alumnado sobre unha base dobre: a exposición oral significativa por parte do profesorado na aula, dirixindo e organizando a actividade e a selección dos aspectos a desenvolver, e o traballo con fontes documentais por parte do alumnado. É dicir, trátase dun modelo integrador onde se combina a aprendizaxe por recepción e por descubrimento.

A elección desta metodoloxía condiciona a presentación dos contidos, de forma que se debe combinar a información explícita, que facilite ao alumnado a comprensión dos fenómenos xeográficos e históricos, coa reconstrución e verificación de parte da información polo mesmo alumnado mediante a lectura e o comentario de documentos históricos, datos estatísticos, imaxes de arte... integrados no discurso explicativo, encardinados nel, non como un complemento optativo ou de información complementaria, senón como partes integrantes da explicación e comprensión que se pretende alcanzar sobre os diferentes aspectos a tratar.

A información ou exposición, sempre que sexa significativa, facilita ao alumnado a captación e comprensión das redes conceptuais básicas propias das Ciencias Sociais. A significatividade vén dada por varios elementos que van desde a organización da información -de modo lóxico e de doada captación e comprensión por parte do alumnado- ata a propia significatividade potencial do material seleccionado -que permita establecer nexos entre a nova información e a que cada alumno xa posúe- facilitando así a reconstrución persoal dos acontecementos históricos. Estes nexos -ou organizadores previos segundo Ausubel- están presentados en forma de ideas xerais expostas ao comezo dos bloques e unidades temáticas para que o alumnado coñeza as liñas xerais e básicas sobre as que vai traballar.

En definitiva, a metodoloxía proposta non responde a un modelo puro, senón máis ben ecléctico, no que ten unha carga importante a aprendizaxe significativo de reconstrución do acontecer histórico por parte do alumnado, pero no que non se elimina nin a explicación escrita nin oral por parte do profesorado, especialmente na introducción das unidades temáticas, na orientación permanente do traballo do alumnado e na elaboración de conclusións.

### **3.6. Procedementos de avaliación das aprendizaxes**

Para a avaliación da aprendizaxe do alumnado teranse en conta dous tipos de actividades:

- O traballo individual. Para a súa avaliación terase en conta:
  - ▶ A comprensión dos contidos conceptuais.
  - ▶ O nivel de descrición, de relación e de análise alcanzado en relación cos contidos procedementais.
  - ▶ A adquisición e desenvolvemento dos contidos actitudinais.
  - ▶ A expresión e comprensión oral e escrita.
  
- O traballo en grupo. Para a súa avaliación terase en conta:
  - ▶ A comprensión dos contidos conceptuais.
  - ▶ O nivel de descrición, de relación e de análise alcanzado en relación cos contidos procedementais.
  - ▶ A adquisición e desenvolvemento dos contidos actitudinais.
  - ▶ A expresión e comprensión oral e escrita.
  - ▶ A responsabilidade asumida na realización do traballo, así como a capacidade organizativa e de coordinación das tarefas.
  - ▶ A calidade e variedade das fontes empregadas, así como a presentación formal do traballo.

A valoración global do alumnado debe ser o resultado dun proceso obxectivo en permanente toma de datos procedentes da observación directa na aula e das probas e traballos realizados ao longo do curso. Como o peso específico destes datos pode non ser equiparable, os alumnos deben coñecer previamente a porcentaxe que cada tipo de proba, traballo ou actitude ten na súa cualificación final. En calquera caso, a valoración global do alumno ou alumna obtérase de:

- Probas orais e escritas sobre contidos previamente traballados na aula.
- Probas orais e escritas sobre contidos adquiridos a través de indagacións e investigacións realizadas de forma individual.
- Datos relativos ao comportamento e funcionamento na clase e nos traballos en grupo.

### 3.7. Materiais e recursos didácticos a empregar

O libro de texto seleccionado de Baía Edicións (Consortio Editorial Galego) e do que é autora Ana Romero Masiá, conta con suficientes referencias de materiais e recursos didácticos susceptibles de seren empregados para abordar esta materia. Tendo en conta que se pretende potenciar a realización de traballos de investigación individual e colectiva e que o modelo de ensino-aprendizaxe proposto é de carácter significativo, o Instituto conta con diversos recursos básicos que poden ser empregados e que permiten a posta en práctica destes obxectivos. Para iso, na biblioteca de aula (ou, no seu defecto, do Centro) existen recursos básicos como atlas xeográfico, dicionarios de lingua galega e de termos xeográficos, históricos e artísticos; tamén en todos os Centros e Departamentos de Ciencias Sociais existen recursos visuais (diapositivas, transparencias, mapas murais...) e audiovisuais (filmes, documentais, gravacións sonoras...) que, aínda que non son moi abundantes para a temática galega concreta, poden ser aproveitables e susceptibles de seren utilizados na aula.

### 3.8. Os temas transversais

O carácter global e integrador do currículo de Bacharelato implica que, en todas as materias, estean presentes unha serie de temas de tratamento xeral ao longo do correspondente desenvolvemento curricular. No caso da materia de **Xeografía e Historia de Galicia**, os temas transversais a traballar son basicamente os seguintes: a educación moral e cívica, a educación para os dereitos humanos e a paz, a educación para a igualdade entre os sexos, e a educación ambiental e do consumidor. En relación cos temas transversais, esta materia presenta os seguintes obxectivos:

#### **Educación moral e cívica**

- ▶ Analizar e estudar problemas con dimensión moral do mundo contemporáneo, prestando atención preferente aos máis directamente relacionados con Galicia.
- ▶ Valorar a democracia como o mellor sistema para solucionar problemas de conflictividade social e política.
- ▶ Desenvolver actitudes dialogantes para potenciar a tolerancia e o respecto das ideas, crenzas ou costumes diferentes ás propias.
- ▶ Formarse un xuízo crítico e razoado dos problemas actuais da actual sociedade galega.
- ▶ Coñecer e valorar os máis destacados proxectos éticos contemporáneos concretados nas súas actuacións no noso contorno máis inmediato e na súa proxección internacional: loita polos dereitos humanos, feminismo, pacifismo, ecoloxismo...

## **Educación para os dereitos humanos e a paz**

- ▶ Apreciar os dereitos e as liberdades humanos como dereitos irrenunciabes da humanidade.
- ▶ Promover actitudes democráticas e de solidariedade con outros pobos e culturas.
- ▶ Desenvolver actitudes de rechazo ante as desigualdades sociais e económicas dos individuos e dos colectivos sociais.
- ▶ Participar en debates con actitude crítica e tolerante, argumentando as opinións propias e empregando o diálogo como medio de resolución das diferencias de actitude e de pensamento.
- ▶ Analizar conflitos socio-políticos da Galicia actual con actitude crítica e constructiva, fuxindo de posicións e solucións maniqueas.
- ▶ Coñecer e valorar o papel das organizacións supranacionais e non gobernamentais na defensa da paz e da cooperación cos colectivos máis desfavorecidos.

## **Educación para a igualdade entre os sexos**

- ▶ Corrixir xuízos sexistas, dando un tratamento equilibrado ao papel desempeñado polos homes e as mulleres no desenvolvemento dos acontecementos históricos.
- ▶ Lograr e consolidar hábitos non discriminatorios na explicación dos procesos da historia de Galicia.
- ▶ Coñecer e valorar a loita das mulleres galegas polos seus dereitos.
- ▶ Elaboración de xuízos críticos sobre situacións de discriminación por razón de sexo, fuxindo de explicacións simplistas e/ou maniqueas.

## **Educación ambiental e do consumidor**

- ▶ Analizar os valores e problemas da sociedade industrial e posindustrial galega e a súa repercusión no medio ambiente e na calidade de vida.
- ▶ Valorar e respectar o patrimonio ambiental e histórico-cultural, asumindo a responsabilidade da súa conservación e mellora.

## **3.9. Actividades extraescolares en relación coa materia**

Conscientes das dificultades que existen para abordar con certa comodidade o currículo desta materia, pódese programar, sen embargo, algunha actividade para realizar fóra da aula e que, na medida do posible, permita reforzar contidos doutras materias que cursa o alumnado de 2º de Bacharelato da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais e que dependen do mesmo Departamento didáctico (Historia, Xeografía, Historia da Arte).

Entre estas actividades están:

- As saídas da aula, tanto dentro como fóra da cidade, que se poden programar con antelación porque se deseña o que interesa visitar e en que momento concreto do curso, para adecualo ao desenvolvemento do currículo. É o caso de visitas a algún edificio artístico, museo, instalación industrial, sede dunha institución administrativa, política ou cultural...
- Saídas da aula motivadas polo interese algún acontecemento conxuntural, como unha exposición ou a proxección dun filme nunha sala comercial, e que non son susceptibles de programarse a comezo do curso, pero para as que sempre debe estar aberta a posibilidade de realízalas.

### 3.10. Actividades de recuperación. Medidas de atención á diversidade e adaptacións curriculares

A lexislación actual establece normas de carácter moi xeral sobre estes aspectos a tratar no Bacharelato. Os Departamentos didácticos son os encargados de atender ao alumnado que non supere os criterios de avaliación nas probas parciais, así como de adoptar medidas destinadas a atender necesidades específicas que poidan presentar algúns alumnos, adaptando, neste caso, contidos mínimos e criterios de avaliación.

Para o caso das adaptacións curriculares, a lexislación establece (Orde de 6 de outubro de 1995. DOG de 7 de novembro de 1995) que debe ser o profesor do alumno/a que precise delas quen, en colaboración co departamento didáctico e dos profesionais de orientación pedagóxica, efectúe a adaptación curricular. Sen embargo, e tendo en conta o carácter final que ten o curso de 2º, o seu carácter de ensino non obrigatorio e que está concibido, en boa medida, como preparación para proseguir estudos universitarios, tanto os contidos como os criterios de avaliación non deben rebaixar os mínimos esixidos establecidos pola lexislación.

En calquera caso, para que un alumno sexa cualificado positivamente, debe alcanzar os seguintes

#### **Obxectivos básicos:**

- Identificar, describir e localizar, a diferentes escalas, os diferentes medios naturais e as paisaxes de Galicia.
- Recoñecer os principais trazos das sociedades que se desenvolveron en Galicia desde a Prehistoria ata a actualidade.
- Analizar algúns dos trazos máis significativos das leis e institucións galegas que contribúen a crear un sentimento de pertencer a esta Comunidade.
- Empregar correctamente o vocabulario científico básico específico da área.
- Obter e relacionar información verbal, escrita, icónica, estatística, cartográfica, etc. para a realización de informes e traballos de investigación sinxelos.
- Realizar tarefas en grupo e participar en debates e discusións cunha actitude constructiva, crítica e tolerante.
- Valorar e respectar a diversidade do patrimonio natural, cultural, lingüístico, artístico, histórico e social de Galicia, contribuíndo á súa conservación.
- Desenvolver unha actitude crítica ante formas de aproveitamento dos recursos que impliquen un deterioro do medio e unha actitude favorable ante as contrarias.
- Desenvolver unha actitude positiva e de respecto polas tradicións populares galegas valorando o seu coñecemento.
- Manifestar actitudes de respecto dos dereitos humanos, rexeitando a súa violación.
- Manifestar actitudes de tolerancia con outras culturas e individuos.
- Amosar solidariedade con individuos e colectividade que padecen situacións derivadas do desigual reparto da riqueza.

**Edita**

Baía Edicións

**Deseño gráfico**

Baía Edicións

Polígono de Pocomaco, 2ª Avda.  
Parcela G18 - Nave posterior  
15190 A Coruña  
Tel.: 981 174 296. Fax: 981 915 698  
comercial@baiaeditions.com  
www.baiaeditions.com

**1ª Edición**

Setembro 2003

**© 2003**

Ana Romero Masiá

**© 2003**

Baía Edicións



**BAÍA EDICIÓN S**